

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE E A ASOCIACIÓN EDUCANDO EN FAMILIA PARA O DESENVOLVEMENTO DUN PROGRAMA DE INTERVENCIÓN EDUCATIVO-FAMILIAR NO ANO 2023.

MEMORIA XUSTIFICATIVA DE IDONEIDADE DO INSTRUMENTO CONVENCIONAL E IMPOSIBILIDADE DE PROMOVER A CONCORRENCIA.

O director Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, DECLARA:

Que a Consellería de Política Social e Xuventude pretende formalizar xunto coa Asociación Educando en Familia, o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro do 2023. Non obstante, abrangue igualmente as accións obxecto do convenio que se realicen pola entidade desde o 1 de xaneiro de 2023.

Que o instrumento convencional ten por obxecto regular o marco da colaboración entre a Consellería de Política Social e Xuventude e a Asociación Educando en Familia no desenvolvemento dun programa de acompañamento educativo-familiar ás familias da Terra Chá e a Mariña Lucense cun enfoque claramente socio-comunitario.

As actividades concretas deste programa van dirixidas a familias con fillos/as de idades comprendidas entre o 0-6 anos así como ás nais xestantes, dando prioridade ás mulleres inmigrantes e todas aquelas que se atopen en situación de risco ou exclusión social ofrecendo servizos de orientación individual, orientación grupal así como de mediación familiar, en colaboración e coordinación con profesionais de distintas institucións. Deste xeito, ofrecen recursos ás familias e acompañanas no seu proceso de crianza.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

A Consellería de Política Social e Xuventude ten atribuídas competencias de intervención na materia obxecto da colaboración ao abeiro do Decreto 124/2022, do 23 de xuño, polo que se fixa a súa estrutura orgánica e a Asociación Educando en Familia é unha entidade de iniciativa social, sen ánimo de lucro que ten entre as súas funcións a orientación ás mulleres no seo familiar, a colaboración e coordinación coas distintas institucións e axentes e profesionais dos ámbitos sanitarios, sociais e educativos, avanzar na igualdade de dereitos e oportunidades para todas as persoas e educar na igualdade a homes e mulleres.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.





Este programa ten un carácter especializado porque vai dirixido a levar a cabo un acompañamento socioeducativo con familias da Terra Chá e da Mariña Lucense que teñen fillos entre 0 e 6 anos así como ás nais xestantes, particularmente aquelas familias do rural ou de contornas desfavorecidas que se atopan en situación de exclusión social para o que a asociación ten establecido un sistema de redes de apoio e alianzas con outras entidades que aporta un valor engadido á intervención

A asociación Educando en Familia, dada a súa implantación na Terra Chá e na Mariña Lucense e o traballo personalizado que desenvolve coas familias así como as sinerxias creadas, é a única entidade que leva a cabo un acompañamento educativo familiar personalizado ás familias desta zona no marco dun traballo en rede.

En atención ao exposto, co fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica
O director xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica

Jacobo Rey Sastre

